

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Fundamentos da motricidade				
Materia	Fundamentos da motricidade			
Código	P02G050V01204			
Titulación	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Rey Eiras, Ezequiel García Ordóñez, Enrique Novo Carballal, Antonio			
Profesorado	García Ordóñez, Enrique Novo Carballal, Antonio Rey Eiras, Ezequiel			
Correo-e	anovo@uvigo.es zequirey@uvigo.es kikewp@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Na materia Fundamentos da Motricidade analizaremos os aspectos máis relevantes da motricidade humana, tendo en conta o corpo en movemento que interacciona cos obxectos e suxeitos do espazo de acción; prestarase especial atención ás habilidades perpectivo-motrices e ás habilidades motrices básicas.			

Competencias	
Código	
B2	Coñecemento e comprensión da literatura científica do ámbito da actividade física e o deporte.
B8	Coñecemento e comprensión da estrutura, función e desenvolvemento das diferentes manifestacións da motricidade humana.
B11	Coñecemento e comprensión dos principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional.
B12	Aplicación das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) ao ámbito das Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
B13	Hábitos de excelencia e calidade no exercicio profesional.
B15	Capacidade para deseñar, desenvolver e avaliar os procesos de ensino- aprendizaxe relativos á actividade física e do deporte, con atención ás características individuais e contextuais das persoas.
B25	Habilidade de liderado, capacidade de relación interpersoal e traballo en equipo.
B26	Adaptación a novas situacións, a resolución de problemas e a aprendizaxe autónoma.

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Demostrar comprensión da literatura científica relacionada coas manifestacións da motricidade humana no ámbito da actividade física e o deporte.	B2 B8
Ser capaz de deseñar, desenvolver e avaliar procesos de ensino aprendizaxe relativos aos fundamentos da motricidade con atención ás características individuais e contextuais das persoas.	B11 B12 B13 B15 B25 B26

Contidos

Tema	
1.- Clasificacións e/ou taxonomías dos fundamentos da motricidade.	Clasificacións e/ou taxonomías dos fundamentos da motricidade
2.- Fundamentos, características e estrutura das capacidades perceptivo-motrices no ámbito da actividade física e o deporte: corporalidade, espacialidade, temporalidade e as súas manifestacións derivadas.	Corporalidade, espacialidade, temporalidade e as súas manifestacións derivadas
3.- Fundamentos, características e estrutura das habilidades motrices no ámbito da actividade física e o deporte.	Habilidades motrices básicas.
4.- Principios, tendencias e recursos prácticos en distintos ámbitos de aplicación das manifestacións da motricidade.	Manifestacións da motricidade.
5.- Deseño de propostas, intervención e análise en relación coas capacidades perceptivo-motrices e as habilidades motrices.	Capacidades perceptivo-motrices e habilidades motrices.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	10	20	30
Resolución de problemas	4	4	8
Traballo tutelado	6.6	26.4	33
Prácticas de laboratorio	30	45	75
Actividades introdutorias	2	2	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos aspectos máis importes de cada tema, explicando conceptos, clasificacións, técnicas...etc.
Resolución de problemas	O alumnado en base ás premisas expostas previamente pola docente, busca solucións, fai propostas ou resolve supostos prácticos.
Traballo tutelado	Traballos do alumnado a partir dun tema concreto relacionado cos contidos prácticos da materia. Poden ser individuais ou en grupo (innovación educativa, coreografía, etc.).
Prácticas de laboratorio	Sesións prácticas da materia que se realizan nunha instalación deportiva.
Actividades introdutorias	Exposición previa de aspectos introductorios, fundamentais ou básicos da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	**Descrición**
Resolución de problemas	Elaboración de supostos prácticos de carácter grupal.
Traballo tutelado	Elaboración e discusión de supostos teórico-prácticos de carácter individual

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Lección maxistral	Exame tipo test e/ou pregunta curta	70	B2 B8
Resolución de problemas	Avaliarase o traballo entregado pola/o estudante sobre os exercicios propostos. Valorarase a calidade, a coherencia, os aspectos formais, etc. Este apartado formará parte da avaliación dependendo da marcha do curso, podendo chegar a valer ata un 10% da nota final, o que faría que o exame valese un 40% se a docente decide aplicar este criterio de avaliación.	0	B11 B12 B13 B15 B25 B26
Traballo tutelado	Avaliaranse os traballos realizados mediante unha ficha de avaliación. Valoraranse distintos aspectos dependendo do traballo en cuestión, como a participación, a calidade de traballo, a progresión, etc.	20	B2 B8 B11 B12 B13 B15 B25 B26

Prácticas de laboratorio	Participación activa nas clases prácticas avaliada mediante unha ficha de control	10	B2 B8 B11 B13 B15 B25 B26

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para superar a materia en primeira convocatoria e de maneira continua, o alumnado ha de aprobar a parte práctica (50%) tal e como se describiu no apartado de probas (traballos de aula e prácticas de laboratorio). Tamén se someterá a un exame da parte teórica (50%) o día oficial do exame. É imprescindible aprobar ambas as partes, teórica e práctica, para superar a materia. En Resolución de problemas e/ou exercicios:

Avaliarase o traballo entregado pola/o estudante sobre os exercicios propostos. Valorarase a calidade, a coherencia, os aspectos formais, etc. Este apartado formará parte da avaliación dependendo da marcha do curso, podendo chegar a valer ata un 10% da nota final.

Quen non cumpra cos requisitos da práctica de forma continua, presentarase a segunda edición a unha avaliación consistente en:

a) exame sobre a parte teórica da materia: 5 puntos

b) exame sobre a parte práctica da materia: 5 puntos. É imprescindible aprobar tanto o apartado a) como o b) para superar a materia.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Batalla, A., **Habilidades motrices**, INDE, 2000

Blández, J., **La asignatura de Educación Física de Base y una propuesta de adaptación al Espacio Europeo de Educación Superior**, INDE, 2005

Castañer, M. y Camerino, O., **Manifestaciones básicas de la motricidad**, Edicions de la Universitat de Lleida, 2006

Da Fonseca, V., **Estudio y génesis de la psicomotricidad**, INDE, 2000

Gallahue, D.L. and Cleland-Donnelly, F., **Developmental physical education for all children**, Human Kinetics, 2007

Graham, G. and Parker, M., **Children moving**, McGraw-Hill, 2013

Le Boulch, J., **El movimiento en el desarrollo de la persona**, Paidotribo, 1997

Malina, R.M., Bouchard, C., and Bar-Or, O, **Growth, maturation, and physical activity**, Human Kinetics, 2004

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Didáctica dos procesos de ensino-aprendizaxe na actividade física e o deporte I/P02G050V01501
Didáctica dos procesos de ensino-aprendizaxe na actividade física e o deporte II/P02G050V01603

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Educación: Aprendizaxe e control motor na educación física e o deporte/P02G050V01102